

# **CONCURSO DE RELATO CURTO E DEBUXO**

## **CONCELLO VALDOVIÑO.LETRAS GALEGAS 2016**

Un dos fins da Concellería de Cultura do Concello de Valdoviño e contribuír a estimular o coñecemento e uso do galego como lingua vehicular para, deste xeito, tomarmos conciencia do idioma e da cultura que nos transmitiron os nosos devanceiros tanto a través da escrita como da palabra, e , a través das mesmas, dar forma á expresión artística.

Por esta razón e dentro dos actos que o Concello de Valdoviño ten organizado con motivo da celebración das Letras Galegas dedicadas este ano a Manuel María convócase un concurso de relato curto e debuxo para rapazas e rapaces empadroados no concello de Valdoviño e alumnas e alumnos dos centros educativos de Valdoviño tendo como obxectivo a realización dunha actividade para coñeceren algunhas das obras creadas por Manuel María.

Para todo isto, apróbanse as seguintes bases :

☞Concurso de relato curto e debuxo dirixido a rapazas e rapaces empadroados no Concello de Valdoviño e /ou alumnas e alumnos do CPI Atios e CRA “O Esquíu” aínda que non estean empadroados no Concello. Os relatos e debuxos deberán ser orixinais, non premiados noutros certames, de temática libre e escritos en lingua galega.

☞O concurso convócase para os cursos de 5º e 6º de INFANTIL na MODALIDADE de DEBUXO e para 1º , 2º e 3º CICLO DE PRIMARIA na modalidade de RELATO CURTO.

☞Os textos e debuxos versarán sobre algún ou varias das personaxes que aparecen como anexo ás presentes bases e que forman parte do libro “Os soños na gaiola” do homenaxeado este ano no DÍA DAS LETRAS GALEGAS, Manuel María, podendo combinar temática e figuras de varios dos poemas.

☞ A extensión será dun folio tamaño A4 como máximo. Indicarase ao pé de páxina o nome do poema ou poemas que deron orixe á creación do relato ou debuxo. Pola parte de atrás do folio encheranse os datos persoais : nome e apelidos ; idade ; curso ; colexio e enderezo (excepto alumnas e alumnos dos centros de Vadoviño).

☞ O prazo de presentación será ata 31 de maio de 2016 .

☞ Os traballos entregaranse na Biblioteca Pública Municipal.

☞ Para a valoración dos textos constituirase un xurado formado por un representante escolar, un representante político e unha persoa do ámbito literario. Actuará como secretario, con voz e sen voto a Técnica de cultura do Concello de Valdoviño. O xurado, á hora de avaliar os textos presentados, terá en conta os seguintes criterios de valoración:

a) Calidade e orixinalidade do traballo .

b) Valores relacionados coa nosa cultura .

c) Coidado da lingua

☞ O premio para os gañadores consistirá nun exemplar do libro-disco " Os soños na gaiola. Vintecinco cantigas para nenos " con poemas de Manuel María e música de Suso Vaamonde editado por Senén Vaamonde . Outorgaranse :

Para 5º e 6º INFANTIL : DOUS PREMIOS

Para o 1º CICLO de primaria : DOUS PREMIOS

Para o 2º CICLO de primaria : DOUS PREMIOS

Para o 3º CICLO de primaria : UN PREMIO

☞ De non alcanzarse unha calidade mínima nalgunha das seccións ou non concorrer traballos á mesma, acumularanse os premios da devandita en calquera das outras categorías segundo determine o xurado. As decisións adoptadas polo xurado serán inapelábeis en todos os casos.

☞ A obra será propiedade da entidade organizadora, polo que os autores e autoras aceptan ceder todos os seus dereitos e a corrección das faltas gramaticais e léxicas para a súa publicación se procedese.

A participación no concurso implica a aceptación das bases .

Os datos persoais incluídos neste concurso só serán coñecidos pola organización sen poderen ser os datos persoais cedidos nin comunicados a terceiros.

Valdoviño, 3 de maio de 2016.

Alcalde.

Alberto González Fernández.

### ANEXO I

- |                  |                         |
|------------------|-------------------------|
| 1.- Galiza       |                         |
| 2.- A Fouce      | 14.- O Sol              |
| 3.- Campás       | 15.- A estrela sin nome |
| 4.- O meu barco  | 16.- A Lúa              |
| 5.-O Muiño       | 17.- O Río              |
| 6.- O Chifre     | 18.- O Arco da vella    |
| 7.- O Foguete    | 19.- O Vento            |
| 8.- O Soñador    | 20.- O meu año          |
| 9.- O Afiador    | 21.- Caracol            |
| 10.- O Lume novo | 22.-A pita choca.       |
| 11.- O Pastor    | 23 O Meu Burriño        |
| 12.- A boneca    | 24.- O lobo             |
| 13.- A roda roda | 25.- O Grilo            |